



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA DAR A COÑECER A FIGURA DE DOMINGO DE ANDRADE, ARQUITECTO AO QUE ESTÁ DEDICADO O DÍA DAS ARTES GALEGAS 2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para dar a coñecer a figura de Domingo de Andrade, arquitecto ao que está dedicado o día das Artes Galegas 2020, poñendo en valor as súas obras por toda a xeografía galega.

Actuación. Exposición sobre a figura de Domingo de Andrade baixo o título: Domingo de Andrade "Xenio, Gloria e Oficio"

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Domingo López de Andrade é un arquitecto que coas súas obras demostrou que a arquitectura é un ben de interese público. O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, coa intención de dar a coñecer a figura do arquitecto Domingo López de Andrade a toda a cidadanía poñendo en valor as





súas obras por toda a xeografía galega, vai a realizar unha exposición itinerante polas cidades de Santiago, Lugo, Ourense e Tui, cidades nas que a súa obra quedou reflectida.

As súas obras máis importantes son fitos significativos na historia da nosa cultura: a Torre do Reloxo, a súa primeira obra con só trinta e sete anos e recentemente estreada a súa condición de mestre de obras da Catedral santiaguesa, o Convento de Bonaval e a súa prodixiosa escaleira, a Capela do Pilar e a Casa da Conga. Son obras que, cada unha delas por si soa, xustifican unha visa profesional. Se engadimos as súas intervencións nas Catedrais de Lugo, Ourense e Tui, comprenderemos parte da súa transcendencia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

